



## INSTRUCCIÓN 10/2018 PARA GARANTIR O CONTROL DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DERIVADAS DA PROHIBICIÓN DE FUMAR NOS CENTROS SANITARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

ORIXE: Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade e Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

ÁMBITO: Centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

O eixo fundamental da normativa vixente en materia de tabaco é a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o subministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco. O artigo 7.c) -en redacción dada logo da modificación operada pola Lei 42/2010, do 30 de decembro- debido a súa importante carga modélica en materia de saúde para a poboación xeral prohibe fumar nos "centros, servizos ou establecementos sanitarios, así como nos espazos ao aire libre ou cubertos, comprendidos nos seus recintos".

Logo entón, os centros sanitarios (hospitals, centros de saúde..) teñen a obriga de facer cumprir as normativas vixentes, como a prohibición de fumar en todo o recinto. Facelo supón unha infracción cualificada como leve que, segundo o artigo 20.1 da Lei 28/2005, do 26 de decembro, será "sancionada con multa de ata 30 € se a conduta infractora se realiza de forma illada". Non obstante, esta infracción considerárase grave logo da "acumulación de tres infraccións leves", co conseguinte incremento da sanción, que vai desde 601 € ata 10.000 €.

Nos últimos tempos, dende a aprobación da normativa, detectouse un repunte do incumprimento nos centros sanitarios, tanto por parte dos traballadores dos centros como dos usuarios (pacientes e visitantes).

Segundo o artigo 22.2 da Lei 28/2005, do 26 de decembro, os órganos competentes das comunidades autónomas exercerán as competencias de inspección e control.

Esta instrución ten como obxectivo ser unha ferramenta factible e práctica que axude aos equipos directivos dos centros sanitarios de Galicia a poñer en marcha as accións necesarias para asegurar que se cumpra a Lei e, en caso de que se detecten incumprimentos, que estas infraccións sexan sancionadas segundo a normativa vixente.

Por todo o anteriormente exposto, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade e a Xerencia do Servizo Galego de Saúde estiman procedente ditar as seguintes

### INSTRUCCIÓNS

#### **Primeira.** Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación do contido desta instrución comprende os centros de saúde e centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde.

81/01  
Instrución 10/18



## Segunda. Grupos de Acción

Os centros sanitarios destinatarios da presente instrución deberán velar pola posta en marcha ou reactivación, no seu caso, dos grupos de acción aos que se refiren o programa europeo Rede Europea de hospitais sen fume.

A finalidade destes grupos será liderar e coordinar o desenvolvemento das actuacións necesarias para conseguir que os centros sanitarios da súa Área de Saúde sexan espazos libres de tabaco e levar a cabo un seguimento continuado das mesmas para asegurar o cumprimento da normativa vixente.

Estes grupos de acción contarán con un ou varios coordinadores encargados de dinamizar e realizar o control das accións postas en marcha, e levar a cabo a interlocución coa Dirección Xeral de Saúde pública para calquera cuestión que xurda en relación a esta instrución e o seu desenvolvemento.

A súa composición deberá ser plasmada nun documento, onde figuren todos os seus integrantes e a identificación da/s persoas/s na/s que recae a coordinación (Anexo I)

## Terceira. Sinalización

O obxectivo é ter unha correcta e visible sinalización. A sinalización está dispoñible na páxina web da Consellería de Sanidade:

<https://www.sergas.es/Saude-publica/PCA-Lexislación-Tabaco>

Ademais da prohibición de fumar, inclúe a prohibición de usar os cigarros electrónicos neste ámbito (de conformidade coa modificación introducida pola Lei 3/2014, do 27 de marzo).

A sinalización deberá colocarse nas entradas do espazo ao aire libre do recinto hospitalario ou do centro de saúde, e nas entradas dos propios edificios, así como no interior, sendo visible para o persoal, pacientes e visitantes.

É función do grupo de acción, en coordinación cos servizos de vixilancia do centro, velar pola correcta e suficiente sinalización en todo momento.

## Cuarta. Vixilancia

1. Para asegurar o cumprimento da lei debera incluírse, como parte do traballo dos vixilantes, a supervisión do espazo tanto interior como exterior do edificio.
2. Como accións de vixilancia, o grupo de acción, de acordo coa xerencia da área, dará instrucións precisas ao servizo de vixilancia para que:
  - a) Identifiquen as localizacións dentro e fóra do centro, onde habitualmente a xente fuma ("Puntos quentes")





- b) Detecten os posibles cambios destas zonas.
- c) Establezan percorridos frecuentes por estas zonas como mecanismo disuasorio para o incumprimento

3. Será función do grupo de acción establecer un sistema de seguimento do percorrido dos vixilantes: número de veces que se supervisan os "Puntos quentes" número de persoas que poderían estar a fumar nos mesmos, así como as accións levadas a cabo ao respecto. Este sistema estará aprobado pola xerencia do centro e consensuada co servizo de vixilancia. (Anexo II)

#### **Quinta.** Publicidade da prohibición de fumar

O centro informará a todos os seus traballadores, utilizando a canle que considere mais oportuna, da prohibición de fumar cigarrillos convencionais ou sen combustión -IQOS- ou de utilizar cigarros electrónicos en todo o recinto (no interior do centro e no exterior incluído no que se considera recinto hospitalario) tal e como establece a normativa vixente, e tamén das medidas que se adoptarán no caso de infracción, en particular, a incoación dun expediente disciplinario e sancionador, no seu caso.

No caso dos pacientes que ingresan, se incluírá na documentación que se lles facilita ao ingreso, a prohibición de fumar ou de utilizar cigarros electrónicos durante a súa estancia. Recoméndase ofertar a axuda dispoñible no hospital, se deciden facer un intento para deixar o tabaco. No caso de que exista este servizo deberá incluírse tamén esta información.

#### **Sexta.** Outras medidas

Recoméndase aumentar o número de veces que cada día se realice a limpeza dos "Puntos Quentes" para evitar a invitación a fumar dos espazos con evidencia de que neles se fuma.

Valorarase a instalación de detectores de fume, nos puntos quentes, como método disuasorio.

#### **Sétima.** Promoción de programas de cesación tabáquica

1. Unha medida que mellorará o cumprimento da lexislación vixente é ofertar axuda para deixar de fumar aos traballadores do centro e aos pacientes que acudan ao hospital. Cada centro organizará este servizo, creándoo ou reactivándoo segundo o caso.

2. Accións destinadas ao persoal do centro sanitario:

- a) Informarase a todos os traballadores da existencia da unidade ou consulta de cesación tabáquica, facilitando a asistencia á mesma en horario laboral.
- b) Valorarase a necesidade de facilitar axuda para a cesación tabáquica, incluída a axuda farmacolóxica. Facilitar o acceso a estes tratamentos aos traballadores que así o demanden.

3. Accións destinadas aos pacientes do centro sanitario:

Instrución 10/18





- a) Valorarase a disposición dos pacientes fumadores para deixar de fumar durante o seu ingreso hospitalario, e se lle informará da existencia da unidade de cesación coa recomendación de que acuda a ela para deixar de fumar, especialmente se o paciente pertence a algún grupo de especial risco no que o consumo teña unha maior repercusión para a súa saúde (patoloxías cardíacas, respiratorias, mulleres embarazadas, etc)
- b) Cando o paciente ingresado non desexe deixar de fumar, se lle ofertará tratamento farmacolóxico de forma gratuíta para paliar o síndrome de abstinencia.
- c) Nas consultas externas dos pacientes con patoloxías relacionadas co consumo de tabaco, se promoverá e facilitará o acceso á consulta de cesación do hospital.

Todos os modelos para a edición de materiais do Programa Galego de Promoción da Vida sen tabaco, tanto para os usuarios como para os profesionais (material informativo, guía de autoaxuda, e material de apoio) poderán ser facilitados pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

#### **Oitava.** Avaliación da eficacia destas actividades

1. Para poder coñecer os resultados da implantación destas medidas, realizarase por parte do grupo de acción un seguimento, polo menos semestral, dos seguintes parámetros:

- a) Número de infraccións detectadas nos diferentes "Puntos Quentes" no período.
- b) Número de expedientes por período iniciados aos traballadores do centro.
- c) Número de notificacións por período tramitadas por infraccións dos pacientes/usuarios.
- d) Número de pacientes remitidos a cesación por período.
- e) Número de traballadores que acudiron as unidades de cesación por período.

2.- Con carácter semestral, o grupo de acción enviará á Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade o Anexo I cumprimentado, cunha ficha por cada unha das reunións que se realizaran no período. Enviarán tamén un informe sobre os parámetros que se sinalan no punto 1.

#### **Novena.** Circuito das infraccións detectadas e inicio de expedientes

1. Protocolo de actuación dos vixilantes de seguridade (consonte co artigo 32 da Lei 5/2014, do 4 de abril, de seguridade privada)

##### a) Identificación da persoa infractora

- Os vixilantes de seguridade detectan o incumprimento da Lei 28/2005, do 26 de decembro
- Informan á persoa que estea fumando acerca do incumprimento da lei e requírenlle para que cese na súa conduta.
- Se persiste na súa actitude, pídelles que se identifique, en presenza de testemuñas. En caso necesario pode solicitar a presenza e testemuña doutro/s vixilante/s de seguridade ou doutra/s persoa/s do centro sanitario





- Elabora a notificación da infracción con indicación, no seu caso, se o infractor presta servizos no centro sanitario, e entrega unha copia ao infractor. Propónse un modelo de notificación da incidencia detectada (anexo III)

b) Tramitación da notificación da infracción

- O vixilante remite a notificación da infracción ao grupo de acción a través do seu coordinador, e este á súa vez dá traslado dela á Xerencia da área.
- Se o infractor é un paciente ou usuario do centro sanitario, a Xerencia traslada a documentación á xefatura territorial correspondente da Consellería de Sanidade para, no seu caso, iniciar o procedemento sancionador.
- Se o infractor é un traballador do centro sanitario, a Xerencia traslada a documentación á EOXI correspondente para iniciar o procedemento disciplinario. Logo do cal, remítirase a documentación á xefatura territorial correspondente da consellería de Sanidade para, no seu caso, iniciar o procedemento sancionador.

**Décima.** Centros Sanitarios sen vixilantes de seguridade

1. Os xefes de servizo e coordinadores de enfermería dos equipos de atención primaria serán os responsables de asegurar o cumprimento da normativa vixente. En xornada non ordinaria, esta responsabilidade poderá ser delegada en calquera traballador/a do centro.
2. No caso de detectar algunha infracción, deberá ser comunicada e trasladada ao grupo de acción e/ou ao seu equipo directivo de referencia, para que tomen as medidas oportunas.

**Undécima.** Aplicación

A presente instrución de actuación producirá efectos desde o día seguinte da súa sinatura.

O secretario xeral técnico  
da Consellería de Sanidade

Alberto Fuentes Losada

O xerente do  
Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa  
García-Bernardo

Instrución 10/18

